

A Familia Aneiros de Casal de María
s. XVI - XVIII

Xosé Lois Lamigueiro

X.O.R.

FERROL
Abril MMX

www.xenealoxiasdoortegal.net

Xenealoxías do Ortegá

Autoría, edición e maquetación:

Xosé Lois Lamigueiro

Permisos

Tódolos dereitos reservados 2010. Prohibida a reprodución total ou parcial do presente artigo sen previo consentimento do seu autor. Permitido seu uso para copia privada. Exemplar dixital distribuído exclusivamente dende a web: Xenealoxías do Ortegá



INTRODUCCIÓN

Xosé Lois Lamigueiro

Aneiros é un dos apelidos máis antigos cuxa reigame é a Terra de Cedeira. O seu primeiro rexistro débese, o escribán: *Roy de Aneiros* quen no ano 1312, asinaba o documento polo que o Meiriño Maior de Galiza: *Afonso Gómez*, ordeaba a información testemuñal para pescudar si o mosteiro de San Salvador de Pedroso, estaba obrigado a dar o xantar a Don *Afonso Suárez de Deza*, Adiantado Maior polo rei en Galiza:

...“ *Da qal carta o tenor tal he: Dom Affonso Gómez, merino mayor en Galliza, a vos, Johán Peres, notario da Pontedeume, saúde como a áquel pera quen quería moyta boa ventura. Sabede que o Prior de Pedrosso me disse que nunca ouvera husado nen acostumbrado de dar yantar a Endeantado; porque vos mando, da parte del Rey, et digo, da mina, que façades pesquiissa, por qantas partes poderdes, se este yantar deron aos outros endeantados que foron atrás aquí ou se llo non deron; et a pesquiissa que fezerdes sobre esta razón, sarrádea et enviádema sarrada, co voso seéllo, et eu livrarla ey segúnd achar por dereyto. Et non fazades ende al. Feyta sobrecarta pelliial, XXVI días de ianeyro, Era de mill et CCC et L anos. **Eu, Roy d-Aneiros, la escrivy por mandado d-Affonso Gómez.** Et eu, Pedro Martínez, notario de Neda, sobredito, en hun con Johán Pérez, notario, ben fielmente esta pesquisa tiréy en ommes boos et dey d-ella o traslado a don Johán Fernández, Prior de Pedrosso, que mo pidió, et ponno y meu sinal. (signo)¹”...*

Chegado o século XVII, existen varias familias asentadas no mesmo entorno xeográfico apelidadas *-Aneiros*, as máis delas veciñas da freguesía de San Román de Montoxo, pero tamén con descendentes que pasaran fai décadas as parroquias veciñas de Régoa, Teixido, as Meras, Cerdido, etc. Aínda que existen evidencias de parentesco próximo entre elas², a documentación entre os derradeiros anos do século XVI ao XVII empobrécese, dificultando³ establecer un único tronco común para todas.

1. CAL PARDO, Enrique. *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*. Ano 1984. Páx. 252. Doc. 18.
2. Tales como dispensas matrimoniais entre os membros dos distintos ramos, ou compartiren lindeiros na meirande parte das súas herdades, recibidas segundo os documentos estudados, de pais e avós.
3. Unha distas dificultades é a excesiva homonimia, que dificulta poder diferenciar o ramo o cal pertence tal individuo.



Vista por satélite da parroquia de San Román de Montoxo, onde podemos observar a proximidade dos lugares habitados por ramos da familia Aneiros no século XVII: Aneiros, Vila do Río, Casal de María, Riba, e Pasada. Imaxe: Google Earth.

Entre os ramos estudados é necesario diferenciar os seguintes, xa que serán citados nalgúns tramos deste traballo, aínda que deixamos para outra ocasión un estudo máis detallado e documentado de todos eles:

Aneiros de Silvela: Como o seu nome indica foron veciños e moradores no Lugar de Silvela en Montoxo, e descendentes dos petrucios: *Pedro de Aneiros*, maila súa muller *Maior de Aneiros*, os cales viviron a finais do século XVI. Será seu fillo: *Xoán de Aneiros de Silvela*, quen deixará ampla descendencia na freguesía. Este foi dono dunha parte do lugar de Vila do Río, que estaba repartido entre o resto dos seus irmáns. Por cartas de venda desta familia, coñecemos que eran donos asemade dos tarreos chamados *de Aneiros* en San Román, compartidos cos seus parentes: os Aneiros de Casal de María, que supoñemos é de onde tomarían o apelido no século XIV.

Aneiros da Pasada: Son descendentes de *Xácome de Aneiros*, fillo tamén de Pedro e Maior, e polo tanto irmá enteiro de Xoán de Aneiros de Silvela. Como na caso anterior, acompañan o seu apelido co nome do lugar que habitan: *A Pasada*, na mesma parroquia. Fillo de Xácome e da súa muller *María de Castrillón*, será: *Xoán de Aneiros da Pasada*, e fillos deste a da súa muller *María Fernández* ficarán: *Xoán de Aneiros de Castrillón*, e *Domingo de Aneiros de Castrillón* entre outros, os cales deixarán ampla descendencia con este novo apelido composto, repartida entre Montoxo e Cerdido.

Aneiros dos Cubos: Son descendentes de: *Bartolomé de Aneiros*, tamén fillo de Pedro e Maior de Aneiros. Deixarán San Román de Montoxo, para establecerse definitivamente no *Lugar dos Cubos* en San Martiño de Cerdido, onde a súa descendencia continuará o apelido.

Aneiros dos Candales: Constátase como nos casos anteriores que xunguiron ao seu apelido, o nome do lugar de onde foron veciños e moradores no século XVII: *Os Candales*, tamén na parroquia de San Román, adquirido por compras. O petrucio desta familia é: *Pedro de Aneiros dos Candales*; quen das súas mulleres: *María González* primeiro, e de *María de Vilar* despois, deixará descendencia que emparentará con liñaxes fidalgas como os *Esteiro*, e *Díaz de Galdo*, tamén veciños das terras de Cedeira.

Aneiros de Casal de María: É o ramo protagonista do presente estudo, e de quen se vai a desenrolar a súa xenealoxía a continuación. Existiron dúas familias emparentadas e coetáneas así apeladas en San Román de Montoxo, aínda que non foi posible polo de agora determinar o grao de parentesco entre elas. A primeira estaba representada polo matrimonio formado polo labrador: *Xoán de Aneiros de Casal de María*, e a súa lexítima muller *Catarina de Vilar*. Ámbos os dous deixaron catro fillos orfos de pai en 1629, dato que sitúa a fecha do nacemento paterno entre finais do século dezaseis, e comezos do dezasete⁴. Entre o relato de bens do defunto,⁵ atópanse varias escrituras outorgadas en vida de este. A primeira delas é una carta de venda: “...de Juan de Aneyros de Casaldem^a que le hizo P^o de Aneyros su herm^o de la herencia que le tocaba por herencia de Juan de Aneyros su padre. Passo ante Al^o fr Poentas el biexo escribano...”⁶. Este novo Xoán de Aneiros debeu de ter o seu percorrido vital na metade do século XVI, polo que debeu ser contemporáneo o primeiro individuo documentado da outra rama: *Roi de Aneiros*. A continuación a viúva, Catalina do Vilar, da conta o escribán Domingo Rodríguez, de que non existían máis documentos, xa que facía quince ou dezaseis anos que queimárase a casa e con ela os papeis, máis: “...declaró ser propia suya y del dho difunto y sus hixos la Cassa y Zeleyro en que biben que se dize de Casaldemaría de heredad de de tres o quatr^o toledanos de pan poco más o menos al rrededor

4 Curadoría discernida o 12 de febreiro de 1629 na Vila de Cedeira, dos fillos menores de Xoán de Aneiros de Casal de María e Catalina do Vilar: Catalina e Isabel do Vilar; Xoán e Bartolomé de Aneiros. A.N.C. Protocolo 183. Ano 1629. Escribán Domingo Rodríguez. Fol 157 anverso en adiante.

5 Relato de bens de *Xoán de Aneiros de Casal de María* veciño de San Román de Montoxo, falecido fai oito días, realizado a cinco de febreiro do ano 1629, perante o alcalde ordinario da Vila e Xurisdición de Cedeira polo Conde de Lemos: *Don Antonio Fernández de Herbón*, e o escriban: *Domingo Rodríguez*, e a viúva do defunto: *Catalina do Vilar*. A.N.C. Protocolo 183. Ano 1629. Escribán Domingo Rodríguez. Fol 88 anverso en adiante.

6 Idibem. Fol 89 anverso.


della con su huerta, ayra y corrales, entradas y salidas y un tercio del molino de de Aneyros sito en dha fr^a de San Román, y un pedazo de souto que tambien se dize daneyros sito en la m^a fr^a que las demás partes son de Al^o daneyros⁷ y otros pedazos de soutsos y castiñeiros de mistedumbre con el dho Al^o daneyros...(segue citado máis propiedades)...y otras ptes de heredades de que no se acordaba, que todo es hacienda propia diezmo a Dios”.

Moitos anos despois Catalina do Vilar outorgará testamento perante o escribán Xoán da Area, o 4 de decembro de 1653 pedindo que: “...mis carnes pecadoras sean sepultadas dentro dela Yglessia del Sr rroman donde soi tal feligressa en una sepultura donde esta enterrada maria preta muger que fue de Alonsso daneiros o en otra que a mis Cumplidores le paresca...”. O que volve a remarcar unha estreita relación entre Xoán e Alonso de Aneiros, Catalina do Vilar, e María Preta.⁸

Establecido un panorama xeral dos distintos ramos do apelido Aneiros existentes na Terra de Cedeira no século XVII, pasamos a centrarnos na xenealoxía dos verdadeiros protagonistas deste traballo: *Os Aneiros de Casal de María descendentes de Roi de Aneiros*.

CADRO XENEALÓXICO I

Descendentes de Xoán de Aneiros
Sc. XVI - XVII



7. Este Alonso de Aneiros debe de ser o mesmo que aparece citado como: *Alonso de Aneiros o Vello*, e fillo de Roi de Aneiros, na presentación aos beneficios curados de Santa María de Labacengos e Santiago Abade en 1667. Doc 3 do apéndice documental.
8. María Preta era nai do Xoán de Aneiros de Casal de María marido de María González: “...y lo mesmo en el antecedente que de / jó fundado dho Alonso daneiros mi padre y maria preta mi madre cuando / entró a hacer dho testamento o codicilo y en ellos dho aniversario ...”. Doc 1.

XENEALOXÍA

1 **Roi de Aneiros.** A única nova que puiden documentar deste individuo, co que comeza a xenealoxía dos Aneiros de Casal de María de San Román de Montoxo, é a través da presentación que os seus bisnetos farán aos beneficios curados de Santiago Abade e Santa María de Labacengos.⁹ A Voz que presentaban: a dos *Méndez*, fora herdada a través da muller de Roi, de nome descoñecido, filla que fora do escribán Alonso Méndez, patrón dos beneficios citados por esta Voz.¹⁰ Roi de Aneiros debeu ser enterrado dentro da Igrexa de San Román de Montoxo, en certas sepulturas de pedra que deixara dotadas.¹¹ Ambos tiveron por fillo a:

<i>Ayuntamiento de Moeche.</i>				
Moeche, Sta. Cruz.	149	585	21	100 De 2.º ascenso y patronato de Maldonado y otros.
Moeche, S. Jorge.	174	805	27	170 De término y del Conde de Lemos.
Moeche, S. Juan. .	96	455	21	115 Es anejo de San Jorge.
Labacengos, Santa María.	134	597	27	110 De primer ascenso y patronato laical de los Méndez, Blancos y Horjales.
Abad, Santiago. .	54	263	17	40 Es anejo de Labacengos.
	<u>607</u>	<u>2705</u>	<u>113</u>	<u>535</u>

Taboa publicada en 1859 por José Montero y Aróstegui en: "*Historia y descripción de la ciudad y Departamento Naval del Ferrol*". Páx. 624. Obsérvese que as Voces do padroádego dos Méndez aínda ficaban vixentes.

2 **Alonso de Aneiros de Casal de María o Vello.** Labrador e veciño do Lugar de Casal de María en San Román de Montoxo, compartido -segundo dixemos- con Caterina de Vilar, viúva de Xoán de Aneiros de Casal de María (+ 1629). Herdou de seus pais os dereitos de presentación aos beneficios citados pola Voz dos Méndez, que transmitiría asemade os seus descendentes. Casou con María Preta¹¹, de filiación descoñecida. Ambos os dous foron soterrados no interior da Igrexa de San Román de Montoxo, nas sepulturas anteriormente citadas, deixando a través do seu testamento e codicilo, unha fundación de misas perpetuas con carga, sobre a súa parte do Lugar de Casal de María, nomeando como patrón encargado de dicir as misas o seu fillo:¹²

9. Documento nº 3 do apéndice documental.

10. O escribán Alonso Méndez vivía aínda en 1574, e documéntase como testemuño a favor de Xoán de Piñón do Trieiro veciño de Abade, contra a xustiza de Malados por certas bestas que pastaban no couto. A.R.G. Sinatura. 2848/43.

11. Segundo nos informa o seu neto a través do seu testamento. Documento nº 1.

12. Idíbem.

3 **Xoán de Aneiros de Casal de María.** Labrador e veciño de San Román de Montoxo. Herdou o padroádego de fundación de misas dos seus pais, e os dereitos de presentación os beneficios curados de Santiago Abade e Santa María de Labacengos. Casou con María González, filla de Pedro de Aneiros de Candales e de María González, veciños dos Lugar de Candales en San Román de Montoxo.¹³

Xoán de Aneiros de Casal de María ademais de labrador, criaba gando vacún, cabalar, e mular. Con este último comerciaba con xentes adiñeiradas do seu entorno, xa que as mulas estaban consideradas un ben de luxo no século XVII, e esta mercadoría debeulle producir grandes réditos. Testou o 14 de agosto de 1665 perante testemuños, o non houber escribán, sendo redactada a súa carta de testamento polo Licenciado Don Xoán de Cora Montenegro. Ordenou ser sepultado dentro da Igrexa parroquial de San Román de Montoxo: “...en una de las sepulturas de piedra que tengo dotadas en ella por mis aguelos y antecesores como es muy notorio...”. Recoñece ser fillo de Alonso de Aneiros veciño de San Román, e que este deixara como patrón de certo aniversario perpetuo de misas, dotado con algúns bens que el deixaba agora aumentados, nomeando como sucesor en ditos bens e aniversario, ao seu fillo maior Pedro de Aneiros, e como segundo patrón si Pedro falecera sen descendencia lexítima, ao seu fillo segundo Andrés de Aneiros, coas disposicións tradicionais encanto ao orde sucesorio as que este tipo de fundacións estaban suxeitas. Faleceu o mesmo ano de 1665, deixando a curadoría dos seus fillos e bens a súa muller María González, coa condición de que non se pasase a segundas nupcias. A viúva vivirá longos anos, falecendo o 28 de outubro de 1683 na mesma parroquia.¹⁴ Ambos tiveron por fillos lexítimos a :

A **María González.** Bautizada o 17 de xullo de 1645 na Igrexa parroquial de San Román de Montoxo.¹⁵ Casou na mesma igrexa¹⁶ co labrador Xoán de Aneiros de Castrillón (ou da Pasada) o Novo, fillo do tamén labrador Xoán de Aneiros da Pasada o Vello e María

13. Pedro de Aneiros e María González foran tamén pais de Blas de Aneiros de Candales, e Antonio de Aneiros de Labacengos, recoñecidos como cuñados por Xoán de Aneiros de Casal de María no seu testamento. Doc. Nº 1.
14. Libro I de Difuntos de San Román de Montoxo fol 2 reverso: “*En Veinte y ocho de otobre año de mil seiscientos y ochenta y tres murio maria gonzañez viuda Recivio los Santos Sacramentos hizo testamento y lo firmo supr^a: Bicente Martínez Castrillón*”.
15. Libro I de Bautizados de San Román de Montoxo fol 12 anverso: “*A diez y siete dias del mes de julio de mil seis c^{os} y quarenta y cinco vauitice María, ija de Ju^o dan^{os} de casal de María y de María gonzalez Sumuger, Fueron Padrinos Alonso daneiros, y M^a González Muger de Pedro dos Candales, Todos Vz^{os} desta Fr^a y Por q es verdad lo firmo: LL Vergara y Sserantes*”.
16. Non se conserva a partida.
17. Libro I de Bautizados de San Román de Montoxo fol 9 anverso: “*En honce de aBril desta Dho año (1640) Bpatice a Ju^o hixo de Ju^o De aneiros dapasada y m^a Frz Su mujer, fueron Padrinos el Comiss^o Juan Pita y ana frz muger de Andres Bogo= y lo firmo = LL Vergara y sserantes*”.

Fernández,¹⁷ deixando abundante descendencia do seu matrimonio. O seu marido falecería o 20 de marzo de 1708 en San Román, despois de facer memoria de testamento, sendo sepultado dentro da Igrexa parroquial.¹⁸ A súa muller falecería o 24 de marzo de 1711 na mesma freguesía, deixando no seu testamento ao seu fillo Domingo de Aneiros, encargado dun aniversario de cinco misas perpetuas con carga de vinte reais de cada ano.¹⁹

B Pedro de Aneiros de Casal de María. Bautizado o 1 de abril de 1647 en San Román.²⁰ Foi sinalado polo seu pai como patrón e sucesor na fundación de misas e bens vinculados. Casou con Ana de Viladóniga de filla de Antonio López de Casal de Gonce e María de Viladóniga, veciños de San Martiño de Cerdido. Ana viúva do seu marido en 1712, comprou o Licenciado Marco Antón Fernández de Castrillón, 1/4 parte do Lugar de Casal de María onde vivía, xunto con outras herdades mixtas con Luis, Alonso, e Domingo de Aneiros²¹. Ana outorgará o seu testamento perante Antonio Fernández de Erba, dentro das súas casas de morada no Lugar de Casal de María, o 3 de decembro do ano 1714. Deixa 1/3 parte de todos os bens que viñeran canda ela, durante o seu matrimonio con Pedro de Aneiros ao seu sobriño Antón López, (fillo de seu irmán Xoán López), con carga e pensión dunha misa perpetua de cada ano no día de Santa Ana, dentro da parroquial de San Román. Ao non deixar descendencia do seu marido Pedro de Aneiros, nomea como os seus herdeiros lexítimos no resto dos seus bens aos seus irmáns.²² Faleceu o 2 de marzo de 1716 en San Román, deixando encargadas 60 misas con ofrenda dunha vaca e unha tenreira.²³

-
18. Libro I de defuntos de San Román de Montoxo. Fol 21anverso: “*En Veinte de marzo del año de mil setecientos y ocho paso desta a la eterna Ju^o de Aneiros de Castrillón administrado delos St^{os} Sacram^{os} hiço una mem^a de testam^o mando misas a sus entierros y honrras a los apostoles y alg^a mas Votivas y Sepultura en esta Ygl^a de Sⁿ Roman todo q^l esta cumplido p^a q^e Conste lo firmo a dho día mes y año de arriba=Bicente Martinez Castrillón*”.
 19. Idibem. Fol 24 reverso: “*En veinte y quatro de marzo del año de mil setecientos y honce paso desta Vida a la eterna, maria gonçales Viuda de Ju^o de aneiros de Castrillon hiço memoria de testm^o y en el mando doce misas de entierros y doce de honrras y diez y seys Votibas = Domi^o de Aneiros Suhixo concerto las dr^{cas} p^r Su p^{te} en veinte R^s con carga de cinco misas y p^a que conste lo firmo en San Roman dho día mes y año de arriba= Juan Antonio Lamigueiro y Valdés*”.
 20. Libro I de Bautizados de San Román de Montoxo. Fol 13 anverso: “*En Prim^o de abril de mil seis cc^{os} y quarenta y siete, vauitçe a P^o ijo de Ju^o daneiros el nuevo y M^a gonçalez Su mujer, fueron Padrinos D, Antonio de Andrade e Isabel R^s Muger de Domingo do Freijo y Lo Firmo: LL Vergara y SSerantes.*”
 21. Carta de venta outorgada a 5 de setembro de 1712 no Lugar da Nogueira en Santa María de Régoa, polo Licenciado Marco Antonio Fernández de Castrillón a Ana de Viladóniga, viúva de Pedro de Aneiros difunto veciño de San Román; do seu quiñón dentro do Lugar de Casaldemaría que é 1/4 parte, de mistedumbre con Luis de Aneiros, con o seu celeiro, sobrado, cortes, e sobeiras. Asemade véndelle outra 1/4 parte do tarreo labradío chamado dos Carballos, que testa na horta do Lugar de Casaldemaría, a leira chamada da Revoltiña de mistedumbre con Alonso de Aneiros, su parte do Souto dos Carballas de mistedumbre con Alonso e Domingo de Aneiros, segundo todo lle pertence polo seu pai defunto Xoán Crego. A.N.C. Escriban de Cedeira: Antonio Fernández de Erba. Protoc. 849. Fol 26 anverso/26 reverso.
 22. Idibem. Protoc. 851. Ano 1714. fol 45 anverso/46 reverso.
 23. Libro I de defuntos de San Román de Montoxo. Fol 30 reverso.

C **Andrés de Aneiros de Malados**. Bautizado o 2 de setembro de 1649 en San Román de Montoxo.²⁴ Foi o herdeiro do padroádego de fundación de misas perpetuas como segundo patrón, ao morrer o seu irmán Pedro sen descendencia. Presenteiro asemade aos Beneficios Curados de Labacengos e Abade pola Voz dos Méndez, herdada dos seus antepasados.²⁵ Casou de primeiro matrimonio con María da Torre, filla de Pedro de Piñón e Catalina da Torre, veciños do Lugar de Malados dentro do Coto de mesmo nome en San Martiño de Cerdido. Seu sogro era un labrador facendado, fillo a súa vez do Xuíz do Coto de Malados, Estevo de Piñón (+1632), e a súa lexítima muller María Fernández; e irmán do Alcalde do mesmo couto Alonso de Piñón, e de Xoán de Piñón da Castiñeira, Xuíz de Malados polo Colexio de Viveiro. Pola súa banda Catalina da Torre era filla de Pedro de Viladóniga do Freis e Sabela da Torre, veciños do Lugar do Freis en Cerdido, cuxa metade herdaría Catalina, deixándoa como dote para ser ordenado ao seu fillo o Licenciado Domingo de Piñón,²⁶ Cura Beneficiado de San Martiño de Cerdido, e irmán enteiro de María da Torre, a cal recibiría dos seus pais o Lugar de Malados, polo que seu marido xungiría o seu apelido este nome de lugar.²⁷

24. Libro I de Bautizados de San Román de Montoxo. Fol 14 reverso /15 anverso: “*En dos de setiembre del año de mil seiscientos quarenta y nueve = Vautice Andres ijo legitimo de Juº danº el nuevo y María González su muger = Fueron Padrinos, Brmº garcia Vzº de Cerdido y Ana Fernández muger de Antonio dos Candales y lo firmo. LL Vergara SSerantes.*”
25. Apéndice documental. Doc. 3. Si ben presentou a Voz en 1667 representado pola súa nai, xa que contaba con apenas dezaioito anos, por debaixo dos vinte e cinco cos que sería considerado maior de idade. O outro Andrés de Aneiros viúvo de María de Viladóniga, quen presenta a voz como titor dos seus fillos, é en realidade irmán de María González, viúva de Xoán de Aneiros de Casal de María, como fillo de Pedro de Aneiros de Candales e tío materno, polo tanto de Andrés de Aneiros de Malados.
26. “*En el lugar do Porto Coto de Malados a 27 días del mes de mayo de de 1671 ante mi escribano y testigos pareció presente Pedro de Piñón vecino de este dicho coto y dixo que por cuanto el licenciado domingo de Piñón su hixo legítimo y de legítimo matrimonio habido y procreado y de Catalina da Torre su mujer difunta, para ver de ordenarse de orden sacro, y para lo cual y de poder pasar adelante con sus estudios y con mejor celo y haya de tener y tenga bienes suyos propios por vía de patrimonio y para el cual y buena voluntad y amor que le tenía, y por ser como es aplicado a toda virtud y de estudios, y haberle la siempre muy humilde y por que esperaba y del fiaba adelante lo sería y por dichas causas y respetos y otras más se le movían desde luego por la presente le hacía gracia y donación, pura mera perfecta irrevocable a que llama que derecho entre vivos, y para que así por vía y medio de derecho mejor lugar hubiese a título de su patrimonio, y que tenga renta y con gracia que le sea bastante, y necesaria de los bienes siguientes= primeramente le hacía entrega y donación de lugar y casal que se dice de Freis sito en la feligresía de San Martiño Cerdido, así de casas y sobeiras conforme al presente estaban hechas y reedificadas con sus corrales acuerdo y aira, entradas y salidas, y con todas sus heredades de labradío y montesío árboles implantados de fruto y sin el y si de dicho lugar y en todo lo a el anexo y perteneciente sin se guardar cosa alguna= con más un soto manso se está a sito en dicha feligresía y junto del Río Grande que se dice da Mera, según está de servidumbre como una tercia parte que era de Jacobe de Viladóniga los cuales dichos bienes referidos de tocaban y eran suyos de dicho licenciado, Domingo de Piñón su hijo y que le tocaban por legítima herencia por la dha su madre= con más de hacía dexación y entrega de una leira de labradío sita en el lugar de donde vive Juan de Lamigueiro en este dicho coto debajo de la casa de dicho lugar, que llevaría de sembradura cuatro anegas de pan poco más o menos, según está demarcada todo alrededor, y es reconocida y le pertenecía al dicho su hijo por cláusula de testamento que a su favor le había hecho y otorgado Catalina da Torre su madre difunta a que se refería...*” .A.R.G. Sinatura: 24037/24. Doazón realizada perante Pedro Fernández de Villar. Outra metade Lugar do Freis a levaría outra irmá de Domingo e María chamada: Sabela da Torre muller de Pedro García, quen sumou o apelido o nome do lugar pasando a chamarse: *Pedro García do Freis*.
27. Nome: *Andrés de Aneiros de Malados*, que recibe no testamento de Alonso en 1721. Doc. N° 4.

María Rodríguez faleceu entre 1677 e 1678, xa que o seu marido o 29 de febreiro deste derradeiro ano vendía a metade de unha leira coñecida polo nome da “Candosca”, no cuarto de Piñeiro en San Martiño de Cerdido, para axuda de cumprir o testamento da súa muller defunta, segundo o herdara de Martín de Aneiros, un fillo anteriormente falecido de ambos.²⁸

De segundo matrimonio Andrés de Aneiros casou o dezanove de novembro de 1686 con Francisca Rodríguez, filla do labrador Xoán da Pía e Sabela Rodríguez, veciños do Lugar de Cabanas en San Martiño de Cerdido.²⁹ Entre os anos 1703 e 1705 o noso persoeiro pechará algunhas compras, entre as que destaca o Lugar do Bouzido en San Xoán dos Casás, ou unha parte dos montes do Lugar da Rexedoira en Malados.³⁰ Son as derradeiras novas documentais de Andrés de Aneiros, quen deixou de ambos matrimonios abundante descendencia en Cerdido.

Foron fillos do primeiro matrimonio con María da Torre:

I **María da Torre**. Tamén chamada María do Piñón. Muller de Francisco de Lago veciño de San Román de Montoxo fillo de Juan de Lago e Ana da Caxiga, labradores

28. A.N.C. Protocolo 156 de Juan Sánchez escribán de Cedeira, ano 1678, fol 8 anverso.

29. Libro I de Casados de San Martiño de Cerdido. Fol ilexible: “*En diez y nueve de febrero de ochenta y seis case y vele en faz de la ss^{ta} madre yglesia a Andres e Aneiros viudo que finco de María da Torre y a Frn^{ca} RS hija de Juan da pia y de su mujer Isavel RS vz^{os} desta fr^a y esto habiendo dado las tres amonestaciones en los tres dias festivos a la misa maior que dije a mis feligreses y no ha resultado impedm^o que inpida ni diezma matrimonio siendo testigos Antonio da Bouça Ju^o de Barreiros Ju^o Teyxeiro clerigo, todos Vz^{os} desta fr^a e yo lo firmo dho dia mes y año de arriva: Lucas Fernández de Lago*”.

30. 1/4 parte do Lugar do Boucido foi comprada por Andrés de Aneiros a Francisco de Luaces, veciño de Santiago Seré das Somozas, segundo testaba en facenda do Lugar de Agreste ao marco da Pena Blanca, de alí ata o Lugar da Riba, e ate chegar a parroquial de San Xoán dos Casás en prezo de 16 ducados. A.N.C. Prot. 842, do ano 1705 de Antonio Fernández de Erba, escribán de Cedeira, fol 4v. Meses máis tarde o 18 de novembro do mesmo ano compraba 1/2 do souto manso que chamaban do Boucido a Alonso de Santalla veciño e morador no Lugar de San Xiao dos Osos en Labacengos, segundo testaba ao norde cos herdeiros de Andrés de Viladóniga, e polo vendaval no río de Loureiro, hasta a facenda dos herdeiros de Don Gaspar Maldonado, ademais de 1/8 do tarreo chamado da Xesta, propiedades todas elas (xunto a anterior), que Francisco de Santalla puxera a venda na porta da parroquial de San Xoán dos Casás para cumprir o testamento da súa sogra Catalina Lorenza. A.N.C. Idibem, fol 105v. Este Lugar chegaría enteiro a Nicolás de Lamigueiro quinto neto de Andrés de Aneiros, do seguinte xeito: Andrés de Aneiros con María da Torre = Domingo de Aneiros con María Rodríguez = Pedro Antonio de Lamigueiro e Rodríguez con Isabel da Pena = Pedro Hipólito de Lamigueiro e da Pena con Rosa Rodríguez = José Lamigueiro con Manuela Martínez = Nicolás Lamigueiro, e seu irmán Antonio de Lamigueiro (este derradeiro é meu tataravó). Hoxe en día este lugar agora deshabitado, sigue sendo propiedade dalgúns membros da miña familia. O Lugar da Rexedoira en Malados fora a casa matriz dos Teixeira da Rexedoira, descendentes de Alonso Teixeira (*1544, Malados), e Mariña de Landrove. É aínda a pesar de ficar abandonado dende fai moitos anos unha construción magnífica; exemplo das ricas casas labregas destas terras de Cerdido. A referencia a esta compra en A.N.C. Prot 842, Antonio Fernández de Erba, fol 17 anverso.



Corredoira de acceso o Lugar da Rexedreira no antigo couto de Malados hoxe coñecido polo nome de A Barqueira en San Martiño de Cerdido. Atravesa as terras compradas por Andrés de Aneiros a principios do século XVIII. Foto: Lamigueiro.

veciños asemade de San Román. María e Francisco casáronse na parroquial de San Martiño de Cerdido, o 6 de xullo de 1689.³¹ Foron pais de:

a. **Licenciado Andrés de Lago.** Sinalado polo seu tío avó Alonso de Aneiros de Casal de María, como usufrutuário dos bens vinculados o seu padroádego de fundación de misas, ate percibir algunha renda eclesiástica.

b. **María Antonia.** Bautizada o 6 de febreiro de 1693 en San Román.

31. Libro I de Casados de Cerdido ano 1651. Fol ilexible: “*En seis de Julio de ochenta y nueve case y vele en faz de la ss^{ta} me Ygli^a a Fran^{co} de lago hijo de Ju^o de lago y de Ana da Cajiga difuntos V^{os} de San Roman a cuio matrimonio estuvo presente Bicente martinez cura de dha fr^a y declaro no aver inmidim^{to} = y a Maria da Torre hija de Andres de Aneyros y de Maria da torre difunta V^{os} desta fr^a y este aviendo preçedido las tres moniciones que seda al ofertorio de la misa m^y que dije a mis feligreses y no ha rresultado impedim^{to} q impida ni dirima dho matrimonio siendo trestigos Antonio Lopez Vz^o de San Roman, Pedro Garcia y el Ldo Miguel navarro y Ju^o lopez V^{os} desta fr^a y lo firmo dho dia mes y año = Lucas Fernandez de Lago*”.

32. Xustifico a filiación do Licenciado Andrés de Lago en base o testamento do ano 1721 de Alonso de Aneiros de Casal de María (doc. N^o4), onde lle chama repetidamente -meu sobriño-, non habendo outra liña polo que un individuo de apelido Lago, puidera recibir de Alonso tal grao de parentesco (sobriño neto en realidade), si ben é certo que non teño atopado a súa partida bautismal que o certifique, nin en San Román de Montoxo nin tampouco na parroquial de San Martiño de Cerdido.

33. Libro I de Bautizados de San Román de Montoxo. Fol 39 anverso.

II **Catalina da Torre**. Muller de Xosé de Piñón, fillo de Pedro de Piñón e Catalina Fernández, veciños de San Martiño de Cerdido. Casáronse o 16 de xaneiro de 1704 na mesma parroquia.³⁴ Foron pais de:

a. **Francisca da Torre**. Bautizada o 16 de febreiro do ano 1706.³⁵

III **Lois de Aneiros**. Casou o 19 de abril de 1705 en San Román de Montoxo³⁶, con María de Viladóniga, filla de Lois da Riva e María de Viladóniga veciños de San Román.

Ambos tiveron polo menos dous fillos:

a. **Alonso de Aneiros**. Sinalado como herdeiro do padroádego de fundación de misas perpetuas, e bens vinculados polo seu tío avó Alonso de Aneiros de Casal María, no seu testamento do ano 1721, unha vez rematado o usufruto da súa viúva e do Licenciado Andrés de Lago.³⁷

b. **Andrés de Aneiros**. Casou o 9 de novembro de 1727 en San Martiño de Cerdido³⁸ con Dominga Fernández, filla de Xoán Rodríguez e de Loisa Fernández de Piñón (*1675), veciños do Lugar de Felgosa en San Martiño de Cerdido.

34. Idíbem. Fol 80 anverso: “En diez y seis de henero del año de setecientos y quatro casse y bele hen faz de la santa madre yglessia ha jose de Piñón yjo de pedro de piñon difunto y de su muger Catalina fernandez, y a Catalina da torre yja de andres daneyros y de su muger maria da torre difunta todos becinos desta felegresia hesto aviendo prezedido las tres municiones los tres dias festivos al ofertorio de las misas mayores que di fe a mis feligreses yno a rresultado ympidim^{to} ni enpidiente ni derimente ni yo lose siendo testigos pedro de mouriz andres de biladoniga presbitero, y pedro de bidueyos todos bezinos desta flegresia e yo lo firmo dho dia mes y año = Lucas ffernandez de lago”.

35. Libro I de Bautizados de Cerdido. Fol. 99.

36. Libro I de Casados de Montoxo. Fol 19 anverso: “En diez y nuebe de Abril del año de mil sietecientos y cinco, yo Ldo Juan Antonio Lamig^o y Valdes como escusador desta fr^a de san Roman asisti al matrimonio q entre si contraxeron Luis de Aneiros hijo legitimo de Andres de Aneiros y de m^a da torre v^{os} de Zerdido, y maria de Viladonega hija lexitima de Luis da Riba y de Ysabela de Viladonega y aviendo precedido las tres moniciones, y las certificaciones de donde tocaba, y no Resultan in pedim^{to} alg^o se celebrou el s^{to} matrimonio a que se allaron t^{os} Ju^o de Aneiros de Castrillon y Domingo de Aneiros y Alonso de Aneiros todos vz^{os} desta fr^a y Recibieron las vendiciones de la Ygl^a y p^a q^e conste lo firmo dha dia de Ariba: Juan Antonio Lamigueiro y Valdes”.

37. Ver documento nº 4. Andrés de Lago.

38. Libro I de Casados de Cerdido. Fol.129 reverso: “En nueve de noviembre año de Mill setecientos y Vt^e y Siete Don Pedro Losada p^{to} escusando a Don Manuel Losada Cura propio desta fr^a de San Martín de Cerdido asisti y estube press^{te} al Matrimonio que Contraxeron Andres de Aneyros hixo, legitimo de Andres de Aneyros digo (corrixe) de Luis de Aneyros y de Maria de Villadonega V^{os} de La fr^a de San Roman de Montoxo y Domiga frs hixa legitima de Ju^oRs y de Luisa frs difuntos Vz^{os} que fueron esta dha fr^a de Cerdido y esto aviendo precedido las tres moniciones en tres dias festivos continuos al ofertorio de las misas parrochiales que en ellos dixen a los feligreses del cura del dho veneficio de cuya publicacion no resulto imperim^{to} alguno q impida ni dirima el matrimonio entre los arriba expresados contrahido no ami me costa como tampoco costa aver resultado alguno alas que en su parrochia de San Roman publico el cura de ella segun consta de su certificacion que traxo dho Andres de Aneyros asistieron por testigos de la celebracion de dho matrimonio Pedro Rs da Pena do Vico Ju^o (ilexible) Luis de Vilar Thomas Monteiro y otros Vz^{os} desta fr^a e yo que lo firmo el dia, mes y año de arriba: Pedro Losada”

IV **Mariana da Torre**. Casada o 25 de marzo do ano 1715 en San Martiño de Cerdido³⁹ co viúvo Xosé García, fillo de Diego García e de Ana López a súa lexítima muller, veciños de Santiago de Mera no Condado Santa Marta de Ortigueira.

Tiveron polo menos unha filla chamada:

a. **María Ignacia Xosefa da Torre**. Casada con dispensación por 4º grao de consangueneidade o 23 de marzo do ano 1715 en San Martiño de Cerdido⁴⁰, con Xoán Antonio de Lamigueiro e Teixeiro: (* 15 maio 1704, Cerdido), fillo de Antonio de Lamigueiro Arroxo e Valcarce, e da súa lexítima muller Ventura Teixeiro de Piñón, veciños do Lugar do Lamigueiro no couto de Malados, actual parroquia da Barqueira en Cerdido. María Ignacia e Xosé Antonio foron veciños do anteriormente citado Lugar da Rexedoira, que Ventura Teixeiro herdara do seus avós Lois Teixeiro, Alcalde do Couto de Malados en 1632, e a súa muller Ana Galega. Con ampla sucesión en San Martiño de Cerdido onde deixarán polo menos dez fillos e fillas.

39. Idíbem. Fol 102 anverso: “*En veinte y Cinco de março del año de arriba (1715) sisti y fui presente al matrimonio que contraxo josephe garcia, Vzº dista frª viudo que fincó de mariana frs; con mari ana da torre, hixa lexittima de andres de aneiros, y de su muxer maria da torre vzºs esa frª aviendo preçedido las moniciones en los tres dias festivos consecutibos siguiete dispuesto pº el Concilio de trento no resulto impedimento alguno que in pidiessse ni de... (roto)...dho matrimonio ni a mi noticia a venido, asistieron pr ttos del dho matrimonio antonio perez, Juº garcia...(roto)...desta frª y lo firmo en el dia mes y año de arriba = Manuel Losada.*” (Da partida de matrimonio de Xosé García e a súa primeira muller Mariana Fernández proceden os datos da súa filiación).
40. Idíbem. Fol. 152 anverso: “*En veynte y tres de Marzo de el Año de mill siete ssºs y treynta y cinco despues de haber precedido la publicación de Proclamas segun constumbre y no haber Resultado Ympedimiento alguno; y en virtud de despacho y licencia de el Doctor Dº Ygnacio de Pardo Provissor y Vicario general de su Obispado de Mondoñedo Bala ppº en virtud de Bulla de dispensacion expedida a favor de Joan Antonio de Lamigueyro, y de Maria Josepha de la Torre, Vzºs desta frª de Sº Martiño de Cerdido; por nrº ssº P Clemente duo decimo Papa de la Divina providencia, sobre el parentesco de quarto grado de consaguinidad, como más largamente consta de dho despacho a q me refiero, asisti al Matrimonio p entresi contraxeron dho Joan Antonio de lamigueyro, hixo legitimo de Antonio de Lamigueyro y de Bentura Gallego Teyxeyro su muger y dha Maria Josepha de la torre, hixa legitima de Joseph Garcia, y de su muger Maria Ana de la torre Vºs q todos fueron y son de esta dha frª de Cerdido, fueron testigos y hallaronse presentes Dº Antonio Diaz Caneyro, Dº Luys de Lourido, Dº Joan de el freyxo , Domingo de Aneyros Joan Garcia de la torre; todos Vzºs de esta frª de Cerdido y otros mas; y para que conste lo firmo dho dia mes y Año at supra: Joan Ygnacio de Luaces y Cabarcos*”. É cumprido dicir que ambos os dous contraentes tiñan como antepasado común o xa citado Estevo do Piñón, Xuíz do Couto de Malados e a súa lexítima muller María Fernández o xeito seguinte: Estevo do Piñón con Mª Fernández = Xoán de Piñón da Castiñeira con Antonia de Viladónega = Luis de Piñón con Catalina Galega Teixeira = Ventura Teixeiro de Piñón con Antonio de Lamigueiro Arroxo e Valcarce = Xoán Antonio de Lamigueiro y Teixeiro. A súa dona: Estevo do Piñón con Mª Fernández = Pedro de Piñón con Catalina da Torre = María da Torre con Andrés de Aneiros de Malados = Mariana da Torre con Xosé García = María Ignacia Xosefa da Torre. Datos extraídos de documentos varios do A.R.G. e dos libros parroquiais de Cerdido. Para máis información sobre estes Teixeiro consultar: LAMIGUEIRO FERNÁNDEZ, Xosé Lois: “*Os Teixeiro de Malados antepasados de Dona Emilia Pardo-Bazán*”. Cátedra 2008.

V **Domingo de Aneiros de Malados**. Bautizado o 21 de xaneiro de 1677 de San Martiño de Cerdido, sendo o seu padriño o Licenciado Domingo de Piñón, seu tío materno. Este fillo de Andrés de Aneiros será o que perpetuará o seu apelido en Cerdido a partir do seu matrimonio con María Rodríguez, sendo os seus fillos:

a. **María Antonia Rodríguez**. Bautizada o 13 de xuño de 1719 en San Martiño de Cerdido.⁴⁰ Casou con Manuel de Lamigueiro e Teixeiro sendo a continuación veciños do Lugar de Poza da Auga en Malados con sucesión.⁴¹

b. **Alberte Agostiño de Aneiros**. Bautizado o 28 de agosto de 1720 en San Martiño de Cerdido.⁴²

c. **Andrés de Aneiros**. Bautizado o 14 de xaneiro de 1722 en San Martiño de Cerdido.⁴³

d. **María Xosefa Rodríguez**. Bautizada o 29 de abril de 1723, ídem.⁴⁴

e. **Bartolomé de Aneiros**. Bautizado o 26 de outubro de 1724, ídem.⁴⁵

f. **Sabela Rodríguez**. Bautizada o 2 de decembro de 1726, ídem.⁴⁶

g. **Andrés Antón de Aneiros**. Bautizado o 28 de xaneiro de 1728, ídem.⁴⁷

h. **Xoán Antón de Aneiros**. Bautizado o 22 de abril de 1732, ídem.⁴⁸

VI **Martín de Aneiros**. Citado como defunto en 1678 nunha carta de venda outorgada polo seu pai Andrés de Aneiros.⁴⁹

Do segundo matrimonio de Andrés de Aneiros de Malados con Francisca Rodríguez, serán fillos:

40. Libro I de Bautizados de Cerdido. Fol 62 anverso. Foron os seus padriños Andrés de Aneiros de Malados e Clementa Rodríguez, o primeiro o seu avó paterno como queda dito aínda que na partida nos se fai constar. A segunda filla de Xoán da Pía das Cabanas e Sabela Rodríguez xa citados, era muller de Lois de Quiza, veciño de Santiago de Landoi, é a súa avoa materna segundo os meus indicios.

41. Manuel de Lamigueiro e Teixeiro era fillo de Antonio de Lamigueiro Arroxo e Valcarce e Ventura Teixeiro de Piñón, ou tamén apelada Galego Teixeiro, xa citados neste estudo anteriormente. Manuel e María son os meus 7º avós.

42. Libro I de Bautizados de Cerdido. Fol 71 reverso.

43. Idídem. Fol 82 reverso. Foron os seus padriños Andrés Díaz Monteiro veciño de Santiago de Landoi e Madalena de Quiza de Cerdido.

44. Idídem. Fol 90 anverso.

45. Idídem. Fol 99 reverso.

46. Idídem. Fol 112 reverso.

47. Idídem. Fol 120 anverso.

48. Idídem. Fol 152 anverso.

49. Documento xa aludido no punto 28. O tarreo da Candosca formaba parte do quiñón deste Martín de Aneiros falecido en vida dos seus pais e nacido en data descoñecida.

VI **Sabela Rodríguez**. Bautizada o 25 de setembro de 1687 en San Martiño de Cerdido.⁵⁰ Casou o 8 de febreiro de 1708 na mesma parroquia con Salvador de Ramonde, fillo de Xoán de Ramonde e María de Lago, todos veciños de Santa Cruz de Moeche.⁵¹

VII **Xoán de Aneiros**. Bautizado o 31 de marzo de 1689 en Cerdido.⁵²

VIII **María Rodríguez**. Bautizada o 31 de maio de 1692, ídem.⁵³ Casou o 21 de novembro do ano 1714 en Cerdido con Santiago Filipe García, fillo de Diego García e Ana López veciños de Santa María de Mera en Santa Marta de Ortigueira.⁵⁴

